



# Conexión á rede Wifi **edu.xunta.es**: Instrucións

## Índice

1.Introdución:	<a href="#">5</a>
2.Configuración:	<a href="#">6</a>
3.Equipos Abalar.	<a href="#">6</a>
4.Maqueta corporativa <i>Abalar Libre</i> .	<a href="#">6</a>
5.Ubuntu (Linux)	<a href="#">8</a>
6.Windows 7	<a href="#">9</a>
7.Windows 8/10	<a href="#">11</a>
8.Windows XP	<a href="#">12</a>
9.Teléfono ou tableta Android	<a href="#">15</a>
10.Teléfono ou tableta iOS	<a href="#">15</a>

## Conexión á rede Wifi edu.xunta.es

### 1. Introducción:

A primeira consideración obvia é que para poder acceder á rede a través dunha conexión wifi, o dispositivo debe ter activada esa opción. Os ordenadores adoitan ter un interruptor, unha tecla ou unha combinación de teclas para a súa activación. No caso dos teléfonos móbiles e tabletas deberá acceder ás opcións de “axustes” para activala ou aos posibles atallos para esa función. **Comprobe que a wifi está activada antes de proceder co resto das instrucións.**

Segundo os distintos escenarios podemos atopar nos centros situacións nas que convivan distintas coberturas de rede wifi, que son as seguintes:

- **Rede ABALAR:** Existe en tódolos centros da rede Abalar e permite a conexión de maneira automática e transparente aos equipos Abalar de alumno (netbooks) e de profesor. Está dispoñible unicamente nas aulas do proxecto e en lugares próximos a onde poida chegar o sinal dos puntos de acceso (AP) situados nesas aulas.
- **Rede edu.xunta.es**
  - Os mesmos AP situados nas aulas Abalar emiten unha segunda rede coa denominación **edu.xunta.es**. O seu alcance é o mesmo mencionado no caso anterior e limitado, por tanto, ás aulas do proxecto Abalar e o seu contorno próximo.
  - Ademais, tódolos centros educativos incluídos no proxecto **Escolas conectadas** (sexan Abalar ou non) disporán en tódolos espazos docentes de cobertura de rede Wifi coa denominación **edu.xunta.es** permitindo a conexión en función do usuario.
  - Tamén se pode atopar noutros centros distintos dos anteriores
- **Rede SIEGA.**- Nalgúns centros poden contar en parte dos seus espazos con cobertura wifi mediante o SSID<sup>1</sup> **ED\_XXXXXXX**, onde XXXXXXX representa o código do centro<sup>2</sup>. Neses casos o centro ten a custodia do contrasinal e para a conexión é preciso configurar un enderezo IP estático dentro do rango do centro.



<sup>1</sup> “SSID” refírese ao nome co que se amosará a rede

<sup>2</sup> Esta situación débese entender como provisional, tendendo nun futuro a xeneralización de redes autenticadas por usuario.

## 2. Configuración:

A conexión á rede **edu.xunta.es** estará dispoñible unicamente para os usuarios que teñan conta corporativa da Consellería de cultura, educación e O. U.

- O usuario e contrasinal será o mesmo que se emprega para todas as aplicacións corporativas (correo electrónico<sup>3</sup>, xade, fprofe, etc )
- Non depende do centro educativo no que se atope senón unicamente da persoa que se conecta.
- A conexión está, por tanto, asociada á persoa e non ao equipo co que accede.<sup>4</sup>

Dado que os datos para o acceso son os corporativos que identifican á persoa, **é moi importante manter o contrasinal<sup>5</sup> a salvo**. Particularmente non se debe ceder a ninguén esa información para acceder á wifi, dado que comprometería a seguridade de acceso a calquera das aplicacións corporativas.

Na maioría dos sistemas operativos a conexión será moi sinxela, tendo unicamente que identificarse. Non obstante ilústrase o proceso con distintos tipos de dispositivos e sistemas operativos.

Os parámetros de conexión á rede (endereço IP, máscara de rede, porta de enlace e DNS) serán adquiridos polo equipo de maneira automática polo que a conexión de rede wifi debe configurarse para a obtención dos mesmos mediante **DHCP**. Se o equipo estivo conectado anteriormente á rede con IP fixa (á rede SIEGA) é preciso comprobar que non está a wifi con datos de configuración manual.

## 3. Equipos Abalar.

Estes equipos xa conectan directamente á **wifi Abalar**, de maneira transparente para o usuario que non terá que facer nada no caso de atoparse na zona de cobertura dos AP de aulas Abalar. No caso de querer utilizar os equipos Abalar fora das súas aulas onde non chegue a rede Abalar pero si haxa unha rede do tipo **edu.xunta.es** debe seguir as mesmas instrucións que coa maqueta Abalar Libre descritas a continuación.

## 4. Maqueta corporativa Abalar Libre.

Este sistema operativo é moi similar á maqueta dos equipos Abalar en canto á súa aparencia e a seu software, pero ao contrario que aqueles non están configurados para a conexión automática á rede wifi Abalar. No caso de atoparse na zona de cobertura da rede **edu.xunta.es** deberá proceder do seguinte modo.

- 
- 3 O usuario corporativo é igual á parte que vai **antes de “@”** no seu endereço de correo electrónico de **edu.xunta.es**
  - 4 Se utiliza un ordenador de uso compartido non debe configurar a rede para que lembre ou garde a súa conexión dado que de facelo así o resto de usuarios estarían accedendo á rede coas credenciais gardadas dun usuario concreto. Pola contra, no caso de ser un dispositivo persoal, gardar esta configuración evitalle a necesidade de introducir os datos de cada vez, en tanto non modifique o seu contrasinal.
  - 5 Lembre que cando cambie o contrasinal (cada tres meses como moito) deberá renovalo para acceder á conexión wifi.


Na parte dereita da barra situada na zona inferior terá que localizar a icona correspondente ao xestor de rede. Esa icona varía segundo o estado de conexión: sen conectar, conectado por wifi ou conectado por cable.




Clicando nela abrirase un menú despregable que amosará (entre outras opcións) as redes wifi dispoñibles nese momento e lugar. No caso de aparecer a rede “**edu.xunta.es**” seleccionárase esa opción. O ordenador solicitará os datos do usuario e contrasinal que lle permitirá validar a conexión.

No caso de que os pida<sup>6</sup> debe configurar os datos:

- Seguridade sen fíos -> *WPA e WPA2 Enterprise*
- Autenticación -> *TLS a través de tunel*
- Identidade anónima -> *(deixar baleiro)*
- Certificado CA -> *ningún*. Debe marcar a opción de que “**Non precisa ningún certificado CA**”
- Autenticación interna-> *MSCHAPv2*



Elección da rede **edu.xunta.es**




Configuración dos parámetros de conexión

## 5. Ubuntu (Linux)

Na parte dereita da barra situada na zona inferior terá que localizar a icona correspondente ao xestor de rede. Clicando nela abrirase un menú despregable que amosará (entre outras opcións) as redes wifi dispoñibles nese momento e lugar. No caso de aparecer a rede “**edu.xunta.es**” seleccionárase esa opción. O ordenador solicitará os datos do usuario e contrasinal que lle permitirá validar a conexión.

<sup>6</sup> Probablemente os datos saian cubertos xa no formulario, salvo a opción de “non se precisa ningún certificado CA” e , por suposto, o usuario e contrasinal.




Selección da rede **edu.xunta.es**


## 6. Windows 7

No sistema operativo Windows 7 o procedemento é o seguinte:

*Lembre comprobar que o controlador de acceso sen fíos atópase configurado para a obtención automática (DHCP) dos parámetros de rede, é dicir, o enderezo IP, DNS, máscara de rede, etc.*




Configuración da conexión con DHCP




Acceder a **Redes e Internet**, dentro do panel de control.

No lado dereito da barra de tarefas atope o símbolo do conector de rede. Facendo clic sobre el aparecerá o listado de redes dispoñibles entre a que se atopará a rede **edu.xunta.es**. A continuación pediráselle que introduza o seu usuario e contrasinal corporativos para se identificar na rede.


**ATENCIÓN:** No proceso pode aparecer unha fiestra indicando que “**non se puido completar o intento de conexión**” porque non foi posible validar as credenciais. De ser o caso pulse no botón **conectar** para obviar o erro e confiar no certificado.



Selección da rede **edu.xunta.es**




Identificación (usuario e contrasinal)




Mensaxe de advertencia

Lembre que dado que o seu usuario e contrasinal son persoais debe evitar que se garden os datos de conexión no caso de ser un ordenador de uso compartido. Para evitalo acceda á pantalla de “*Administrar redes sen fíos*” no panel de control onde atopará a rede **edu.xunta.es**. Pique sobre esta rede co botón dereito do rato e escolla “*Propiedades*” no menú contextual. Acceda á pestana “*Seguridade*”. Observe que hai un pequeno cadro coa opción “*Lembrar as credenciais para esta conexión cada vez que inicie sesión*”. Unicamente debe estar marcado no caso de ser un ordenador de uso persoal, para que acceda cada vez coas mesmas credenciais de usuario.



Acceso ás propiedades da rede **edu.xunta.es**




Unicamente se é un ordenador de uso persoal


Desmarcar opción de lembrar credenciais

## 7. Windows 8/10

Na zona dereita da barra de ferramentas (parte inferior da pantalla) localice a icona do xestor de conexións de rede. Picando nela se despregará na parte dereita da pantalla unha sección denominada **Redes** na que aparecerán as distintas opcións. Comprobe que non está activado o “modo avión” e que a Wi-fi está activada. Poderá ver na zona inferior as distintas redes wifi accesibles dende a súa situación, entre as que deberá estar **edu.xunta.es** no caso de ter cobertura. Seleccionando esa rede aparecerá a posibilidade de “**Conectarse automaticamente**”. Marque esta opción unicamente se está a utilizar un equipo persoal. Pulse o botón “**Conectar**” e aparecerá un formulario onde introducir o seu usuario e contrasinal.



Pantalla de conexión á rede



Usuario e contrasinal




## 8. Windows XP

### IMPORTANTE!!!


Este sistema operativo non dispón de soporte oficial por parte do fabricante polo que supón un serio risco de seguridade. Tendo isto en conta, para todos os dispositivos que teñan este sistema operativo instalado, recoméndase que sexa substituído polo sistema da “Maqueta Abalar” que pode instalarse empregando as seguintes instrucións:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/abalar/aulavirtual2/course/view.php?id=85>


- Na zona dereita da barra de ferramentas (parte inferior da pantalla) localice a icona do xestor de conexións de redes sen fíos.




- Picando nela se despregará unha ventá denominada “**Conexiones de red inalámbricas**” como a seguinte:




- Picamos na opción de **“Cambiar configuración avanzada”** e aparece a seguinte pantalla:




- Escollemos a lapela de **“Redes inalámbricas”** e deixamos a configuración tal e como aparece a continuación:



- Picamos na lapela de **“Autenticación”** e a deixamos configurada tal e como se mostra na seguinte imaxe . Logo picamos en **“Propiedades”**:




- Deixamos a configuración de “**Propiedades protegidas de EAP**” do seguinte xeito, verificando que esta desmarcada a opción de “**validar un certificado de servidor**”:



- Por último picamos sobre o botón de “**Configurar...**” e desmarcamos a única opción dispoñible:



- Aceptamos todas as pantallas de configuración abertas e para conectarnos á rede repetimos os dous primeiros pasos do manual e introducimos o usuario e o contrasinal:




## 9. Teléfono ou tableta Android

A conexión cun dispositivo Android é bastante directa xa que unicamente pedirá a identificación mediante o usuario e contrasinal corporativos. A configuración quedará gardada para futuras conexións co que non será preciso realizar este procedemento salvo cando se produza un cambio no contrasinal. Aínda que o teléfono é un elemento persoal, no caso de que se trate dunha tableta e sexa de uso compartido teña en conta que estará accedendo cos parámetros introducidos (correspondentes a un usuario concreto). Pode borrar a conexión **edu.xunta.es** de entre as gardadas cando vaia ceder o uso do dispositivo a outros usuarios.




Parámetros de conexión (usuario e contrasinal)





Información da conexión

## 10. Teléfono ou tableta iOS

A conexión cun dispositivo con sistema iOS (iPhone, iPad ou iPod) faise de forma sinxela dende a pantalla de axustes. Unicamente é preciso a introdución dos datos identificativos: usuario e contrasinal. É preciso indicar ao dispositivo que confiamos no certificado de seguridade para esta conexión.



1. Pulsar sobre a icona “**Ajustes**” do dispositivo.
2. Seleccionar a opción “**Wi-Fi**”
3. Pulsar sobre a Wi-Fi **edu.xunta.es**
4. Deixar sen marcar a opción “**Preguntar para acceder**”, para que o dispositivo conecte automaticamente a esta rede sempre que se atope dispoñible



5. Introducir o nome de **usuario** e **contrasinal** corporativos, é dicir, as mesmas credenciais usadas para acceder á túa conta de correo electrónico



6. Pulsar sobre a opción **Confiar** para aceptar o certificado de seguridade

Pódese pulsar sobre a opción “**Más detalles**” para ver a información completa sobre este certificado de seguridade.

